

BASES REGULADORAS DO CAMPAMENTO EDUCATIVO EN BOIRO
DO CONCELLO DE BARBADÁS ANO 2023

As presentes bases regularan o proceso de inscrición no campamento de verán que terá lugar en Boiro (A Coruña) do 30 de agosto ao 1 de setembro de 2023, organizado polo Concello de Barbadás e o acceso ao mesmo.

1. NÚMERO DE PRAZAS

1.1 Ofértanse **35 prazas** para rapaces con idades de **8 anos (ou que os cumbran no ano 2023) ata os 12 anos.**

2. PRAZOS

2.1 O prazo de inscrición será desde o día 15 de xuño ata o día 29 de xuño (ámbolos dous incluídos) podéndose ampliar este prazo no caso de non cubrir a totalidade das prazas.

2.2 Tanto a listaxe provisional como a definitiva publicarase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es)

2.3 A listaxe provisional de admitidos/as publicarase o día 5 de xullo.

2.4 A listaxe definitiva publicarase o día 10 de xullo.

3. REQUISITOS E ADXUDICACIÓN

3.1 Será requisito indispensable para a adxudicación da praza cumprir os criterios de idade (como mínimo cumprir ou ter cumpridos os 8 anos no ano 2023 e aínda non cumpridos os 13 anos)

3.2 É obrigatorio saber nadar e/ou ter capacidade de flotación.

3.2 No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa e inmediata.

3.3 No caso de que o número de prazas solicitadas supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta os seguintes criterios:

- O/a menor solicitante estea empadroad/a no Concello de Barbadás

- Que a familia conte cunha menor renda per cápita, segundo o criterio de valoración e cálculo da renda per cápita familiar.

-Que se trate dunha familia que goce de especial consideración, oficialmente recoñecida, segundo a Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia, (familias numerosas, monoparentais, con persoas maiores, dependentes ou discapacitadas a cargo, acolledoras, en situación de especial vulnerabilidade económica ou vítimas de violencia de xénero)

- Que se presentara antes a solicitude (criterio de orde de presentación, segundo o número de rexistro e horas de entrada asignado as solicitudes).

3.4. Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida no apartado anterior.

3.5. Para os/as solicitantes que se atopen no artigo 8 das bases seguirase o mesmo procedemento.

3.6. As solicitudes presentadas fóra do prazo sinalado no punto 2.1 estarán suxeitas á existencia de prazas libres.

Calculo da Renda per Cápita da unidade familiar

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables (calculados segundo o establecido nas presentes bases).

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

Membros computables da unidade familiar

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de membros computables dunha unidade familiar, as seguintes persoas cando residan e/ou convivan no mesmo domicilio:

- Ambos proxenitores, e/ou titores legais, do/a menor que solicita a praza, cando non estén separados legalmente nin divorciados.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos fillos/as emancipados que non convivan na mesma casa.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai, e todos os descendentes que convivan con eles e que reunan os requisitos do punto anterior.

Para os/as menores empadroados/as, a Concellería de Educacion do Concello de Barbadás comprobará de oficio a inscricion no Padrón municipal de habitantes.

4. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

4.1 A solicitude debidamente cumprimentada segundo o modelo regulamentario que se xunta.

4.2 No caso de que a familia queira acollerse ao criterio de valoración da renda familiar segundo as regras fixadas no punto 3.3 destas bases, deberán achegar a documentación acreditativa correspondente:

- Para o cálculo de ingresos obtidos durante o ano 2021:
 - Declaración/s do IRPF correspondente ao exercicio 2021.
 - No caso de que non a presentasen declaración da renda en 2021:
 - Se obtiveron ingresos de traballo, unha certificación de empresa ou as nóminas acreditativas dos ingresos obtidos durante o ano 2021.
 - Se percibiron algunha prestación durante o ano 2021, certificación por parte da entidade pagadora do total da prestación percibida durante dito ano.
 - No caso de non haber tido ingresos fixos durante o ano 2021 e non haber presentado declaración do IRPF, certificado da Axencia tributaria de non obter ingresos durante dito ano.

- Para o cálculo dos membros computables da unidade familiar:
 - Copia do seu libro, ou libros, de familia; na súa falta, calquera outro documento que acredite oficialmente a composición e a situación familiar.

4.3 Documentos acreditativos de ser unha familia de especial consideración:

- Libro de familia numerosa.
- Certificado de familia monoparental.
- Certificado da Axencia tributaria de ter a cargo maiores, dependentes e/ou discapitados.
- Certificado de percibir a renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e/ou informe dos Servizos Sociais,
- A situación de violencia de xénero se acreditará por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

etc.

5. INSCRICIÓNS

5.1 As inscricións realizaranse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal/>.

- De forma presencial no rexistros municipais:

- Na Casa do Concello- Cimadevila 1, Barbadás
- Nas Oficinas Municipais da Valenzá. Rúa do Viso 2, A Valenzá.

- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

5.2 O horario das oficinas municipais para realizar a inscricións de forma presencial será de luns a venres en horario de 8.30 a 14.30 h.

5.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

6. CUSTO DA PRAZA

6.1 A actividade será gratuíta para os/as menores participantes no campamento.

6.2 A actividade inclúe o desprazamento ás instalacións do campamento, aloxamento (3 días/2 noites), manutención, monitores/as, materia para as actividades, seguro de accidentes e seguro de Responsabilidade Civil .

7. CHAMAMENTO EN LISTA DE ESPERA

7.1 No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos/as solicitantes en lista de espera. Realizarase un total de 2 chamadas e de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

8. PERSOAS CON DISCAPACIDADE FUNCIONAL.

8.1 Os/as menores que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar dita condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios necesarios se os precisaran. Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.

- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

8.2 Como para o resto dos/as solicitantes, en función dalgún tipo de limitación, dificultade, discapacidade ou impedimento que padezan e lle impidan beneficiarse das actividades programadas, poderá excepcionarse a súa participación neste programa.

(terán que ter en conta que os contidos das diferentes actividades teñen unha **dificultade media** e por seguridade para participar é **obligatorio saber nadar e/ou ter capacidade de flotación**. Da mesma maneira, as persoas con diversidade funcional deberán ter en conta esta condición e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e poder beneficiarse das actividades programadas).

9. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Educación

A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación destas bases.